

PLAN DE CONVIVENCIA CEIP TORRE ILLA

Cada centro, dentro do seu proxecto educativo, elaborará o seu plan de
convivencia

DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO:

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO ESCOLAR:

DATA 1ª REVISIÓN:

DATA 2ª REVISIÓN:

Este documento intégrase no Proxecto Educativo e resulta coherente coas súas directrices.

Ten en conta propostas do claustro.

Foi elaborado pola comisión de convivencia e informado polo consello escolar.

O plan de convivencia do centro é o documento no cal se articula a convivencia escolar, que garante unha educación no exercicio dos dereitos e das liberdades dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e na súa resolución pacífica.

A concreción anual do mesmo incluírase na PXA.

As normas de organización e funcionamento do centro incluírán as normas de convivencia que garanten o cumprimento do plan de convivencia. Recollerán, ademais, a organización dos espazos e dos tempos, así como a distribución dos recursos, para favorecer unha convivencia positiva no centro educativo.

Táboa de contido

1. ANÁLISE DA SITUACIÓN PARTINDO DUN ANÁLISE PREVIO.....	4
2. OBXECTIVOS DERIVADOS DA ANÁLISE PREVIA DA SITUACIÓN.....	7
3. ACTUACIÓNS, MEDIDAS OU PROGRAMAS QUE SE VAN A DESENVOLVER PARA FAVORECER A CONVIVENCIA INCLUÍNDO MEDIDAS PREVENTIVAS E DE SENSIBILIZACIÓN E ACTUACIÓNS ORGANIZATIVAS, CURRICULARES E DE COORDINACIÓN, ENTRE OUTRAS.....	8
3.1. ACTUACIÓNS PREVENTIVAS, REEDUCADORAS E CORRECTORAS.....	8
3.2. PROTOCOLO DE ACTUACIÓN PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR E CIBERACOSO.....	13
3.3. PROTOCOLO DE ABSENTISMO.....	16
3.4. ACTUACIÓNS FORMATIVAS PARA A COMUNIDADE EDUCATIVA.....	19
4. NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO.....	20
4.1. ESTABLECEMENTO DAS CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E DAS CORRECCIÓNS.....	23
4.1.1. Conductas leves contrarias á convivencia, medidas correctoras.....	24
4.1.2. Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, medidas correctoras.....	25
4.2. DEREITO E DEBERES DA COMUNIDADE EDUCATIVA.....	29
4.2.1. DEREITOS E DEBERES DAS NAIS E PAIS OU TITORES/AS LEGAIS.....	29
4.2.2. DEREITOS E DEBERES DO ALUMNADO.....	30
4.2.3. DEREITOS E DEBERES DO PROFESORADO.....	31
4.2.4. DEREITOS E DEBERES DO PERSOAL DE SERVIZOS.....	32
4.3. CRITERIOS PARA A ELECCIÓN DO INSTRUCTOR.....	33
4.4. GRADACIÓN DAS MEDIDAS CORRECTORAS.....	33
4.5. POCEDEMENTO CONCILIADO.....	35
4.6. PRESCRICIÓN DE CONDUCTAS E CORRECCIÓNS.....	36
5. FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA.....	36
6. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA.....	38
7. DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.....	38
8. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN. PROPOSTAS DE MELLORA.....	39
9. BIBLIOGRAFÍA.....	40
10. ANEXOS.....	42
11. ANEXO I: PROGRAMA DE MEDIACIÓN ENTRE IGUAIS.....	43
12. ANEXO II: PLAN DE ACOLLIDA.....	47
13. ANEXO III: PLAN DE COMUNICACIÓN DO CENTRO.....	50
14. ANEXO IV: MODELOS NORMALIZADOS DE CENTRO.....	52

1. ANÁLISE DA SITUACIÓN, PARTINDO DUN DIAGNÓSTICO PREVIO DA SITUACIÓN DA CONVIVENCIA NO CENTRO.

Segundo o Informe de Diagnose da Estratexia Galega de Convivencia Escolar, o análise do claustro da situación da convivencia no centro, e as enquisas realizadas ao alumnado e ao profesorado do centro no curso 2018-2019 obtiveronse as seguintes conclusións:

A maioría dos docentes consideran que existe un bo clima de traballo no centro, unha relación co equipo directivo boa e unhas relacións entre o profesorado e alumnado satisfactorias.

Por outro lado as relacións coas familias, co entorno escolar, cos servizos sociais, do concello e coa administración educativa son normais e fluídas.

O profesorado considera que a maioría dos conflitos se producen entre o alumnado e nalgúns casos entre profesorado e alumnado. En canto aos tipos de conflitos que se producen con certa asiduidade son a agresión verbal entre o alumnado e as conductas disruptivas nas aulas. Algunhas veces agresións físicas entre os mesmos. Como iniciativas útiles, os docentes opinan que será necesario unificar criterios de actuación entre o profesorado, consensuar normas entre o alumnado e o profesorado, favorecer o traballo cooperativo, potenciar a mediación escolar entre iguais e mellorar os recursos do centro no eido das habilidades sociais e emocionais. Outros recursos serán a necesidade de formación do profesorado na resolución de conflitos e información as familias mediante distintos medios.

O alumnado, a maioría do alumnado respecta as normas de aula, teñen unha boa relación co resto dos compañeiros e cos mestres e mestras. Consideran que en ocasións o grupo non ten bo comportamento e que non fan a fila correctamente. En canto aos conflitos, xorden na maioría dos casos no recreo, estes conflitos son contados aos seus pais. O mestre ou mestra adquire a mesma relevancia que os compañeiros xa que é o alumno ou alumna quen non conta nada. Como conclusión considerase que se debe mellorar a convivencia no centro, e sobre todo no patio, xa que é o lugar onde se producen máis conflitos, debemos traballar e inculcar

habilidades sociais, trasladándoas á toda a comunidade educativa e mellorar a comunicación mestre-alumno para que o alumno ou alumna deposite a confianza no docente e por último mellorar a documentación de centro no eido da convivencia, xa que actualmente conta únicamente cun Regulamento de Réxime Interno que non tivo revisións recentes.

Dende o curso 2018/2019 existe un programa de Mediación Escolar entre iguais que desenvolve o Departamento de Orientación do centro e que conta con alumnado voluntario do sexto curso de Educación Primaria. Neste programa resólvense moitos dos conflitos que xurden no centro, e ocasionalmente precisan da axuda das mestras ou do Equipo Directivo para axudar á resolución do conflito de xeito dialogado.

A forma de resolver os conflitos no centro responde ó seguinte:

- A maioría dos conflitos resólvense falando entre todos ou co/a profesor/a en privado. O profesorado acostuma dar consellos. A actitude menos amosada é quitarlle importancia (menos dun 10% de media). O diálogo para chegar a acordos e a aplicación de sancións son as medidas máis percibidas pola comunidade educativa na resolución de conflitos, seguidas da conversa coa titora ou titor individualmente e que o profesorado dea consellos ao alumnado implicado.
- O **alumnado** opina que as sancións son xustas en moitos ou bastantes casos, pero cre que non son eficaces nunca ou poucas veces.
- O **profesorado** manifesta que os conflitos se resolven dialogando para chegar a acordos, e que son abordados entre todos (titor, profesorado, xefatura de estudos e alumnado). Restarlle importancia e deixalo pasar é a medida, con diferenza, menos declarada.
- A reacción máis común das **familias** é falar e pedir información ao profesorado titor, seguida de falar co fillo/a.

A conflictividade escolar experimentou un lixeiro aumento nos últimos cursos no CEIP Torre Illa, a maioría das veces nos cursos de 5º e 6º de Educación Primaria, e por situacións que tiveron a orixe fora do centro, e que puideron verse agravados polo uso de plataformas tecnolóxicas ou redes sociais. Neste senso, a acción titorial mostrouse eficaz para encauzar a maioría das veces estes conflitos, tendo unha prevalencia moi baixa as situacións que derivan en sancións ou apertura do protocolo de acoso escolar.

2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DERIVADOS DA ANÁLISE PREVIA.

- Fomentar na comunidade educativa unhas relacións de confianza e seguridade que se baseen no respecto mutuo, no respecto á diversidade, no diálogo e na colaboración.
- Potenciar o Plan de Acción Titorial desenvolvendo o máximo potencial do alumnado, tanto dende o punto de vista persoal como curricular.
- Desenvolver o Plan de Igualdade do centro, potenciando a igualdade efectiva entre homes e mulleres, a coeducación e a igualdade de dereitos e oportunidades.
- Previr as situacións de acoso e ciberacoso desenvolvendo actuacións eficaces.
- Promover a resolución pacífica de conflitos a través do diálogo e da asunción dos valores democráticos, fomentando valores de respecto e aceptación de posicionamentos diferentes.
- Elaborar o Plan de acollida e desenvolvelo, levando a cabo accións que favorezan a adaptación do novo alumnado, profesorado e familias do centro.
- Mellorar a comunicación familia-escola para posibilitar unha maior participación e coñecemento por parte das familias da labor educativa.
- Mellorar a competencia emocional e fomentar no alumnado o emprego de habilidades sociais.
- Contribuír á formación integral do alumnado, en sintonía cos principios de tolerancia, igualdade, respecto, solidariedade para un mellor clima de convivencia, cooperación e cohesión social.
- Crear un marco normativo de referencia dotando ó centro das normas de convivencia necesarias, establecendo unhas normas que permitan unha organización e funcionamento do centro axeitada.

3. ACTUACIÓNS, MEDIDAS OU PROGRAMAS QUE SE VAN A DESENVOLVER PARA FAVORECER A CONVIVENCIA INCLUÍNDO MEDIDAS PREVENTIVAS E DE SENSIBILIZACIÓN E ACTUACIÓNS ORGANIZATIVAS, CURRICULARES E DE COORDINACIÓN, ENTRE OUTRAS.

3.1. ACTUACIÓNS PREVENTIVAS, REEDUCADORAS E CORRECTORAS

ACTUACIÓN	RESPONSABLES	RECURSOS	TEMPORIZACIÓN
Presentación do Proxecto de convivencia escolar a principio de curso aos pais, alumnos e mestres.	Equipo Directivo e Comisión de Convivencia.	P.X.A Claustro Consello Escolar PAT	Primeiro trimestre. Ao longo do curso
Establecemento dun clima de aula axeitado dende as primeiras semanas para mantelo durante todo o curso. Información o 1º día de clase das normas e regras da aula e do centro.	Todos os mestres e mestras en xeral, e o profesorado titor/a en cada aula.	Normas de convivencia do N.O.F.C PAT	Primeiro mes do curso
Plan de Acción Titorial: Actuación coherente de todo o profesorado en materia de convivencia	Todo o profesorado.	Decisións tomadas polo Claustro para levar a cabo unha actuación coherente .	Todo o curso.
Creación da Aula de Convivencia inclusiva	Todo o profesorado.	Aula de Radio Carcamán. Técnicas de reflexión.	Todo o curso.
Celebración do “ Día Internacional contra a violencia de Xénero ”	Equipo de Actividades Extraescolares e Claustro.	Actividades para todo o alumnado da PXA.	Semana do 25 de Novembro
Celebración do “ Día Escolar da Paz e a Non Violencia ”.	Claustro de mestras e mestres.	Normas de convivencia. Documentos escritos e audiovisuais.	Semana do 30 de Xaneiro

Actividades e traballos de aula para mellorar a convivencia e as habilidades sociais.	O mestre titor de cada aula/ Orientador/a	PAT. Departamento de Orientación.	Ao longo do curso
Programa de Habilidades Sociais.	Titor/a e PT. Orientadora.	Distintas materias didácticas sobre a convivencia, habilidades sociais e xogos cooperativos.	Ao longo do curso
Mediación entre iguais e Resolución Pacífica de Conflitos.	Titor/a. Orientadora Equipo directivo. Alumnado voluntario de 5º e 6º de E.P.	Programa de Mediación escolar do centro. PAD e PAT	Formación do alumnado no 1º trimestre e organización de quedas Ao longo do curso
Charlas para toda a comunidade educativa sobre acoso escolar/ciberacoso e uso das tecnoloxías, Habilidades Sociais	Equipo Directivo.	Persoal especializado. Plan Director para a Convivencia e a mellora da seguridade dos centros. PAT	1º trimestre 2º trimestre 3º trimestre
Patios inclusivos e coeducativos	Equipo directivo Coordinador de formación no centro Todo o profesorado	PFPP do centro Xestión de espazos Programacións didácticas	Ao longo do curso
Programas individualizados para Control de ira	Orientadora	Libro “¿qué hacer cuando estallo por cualquier cosa?” Distintas materias didácticas sobre a convivencia, habilidades sociais...	Ao longo do curso

Fomentar o traballo cooperativo nas aulas.	Titorías de E.I. e E.P. Xefa D.O.	Aprendizaxe cooperativo Programacións didácticas	Ao longo do ano
Plan de Igualdade do centro	Todo o profesorado	Distintas materias didácticas e bibliográficas. Actividades recollidas no plan.	Ao longo do ano
Plan de acollida ao profesorado	Equipo directivo	Información diversa.	Ao inicio de curso
Plan de acollida ao novo alumnado	Todo o profesorado e alumnado.	Período adaptación. Información e reunións pertinentes.	Ao longo do ano
Plan de actuación co alumnado estranxeiro	Todo o profesorado	Documento de actuación. Persoal docente.	Ao longo do ano
Participar no coidado do medio ambiente.	Toda a comunidade	Recollida selectiva do lixo. Compostaxe e horto escolar.	Ao longo do ano
Colaboración co centro nas cuestións que se lle soliciten	Familias	Información pertinente	Ao longo do ano
Informar ao titor/a de situación que alteren as normas, así como colaborar nas medidas impostas dende o centro.	Familias	Información pertinente	Ao longo do ano
Colaborar e ter un contacto periódico con Servizos Sociais	Departamento de orientación	Reunións pertinentes	Ao longo do ano
Realización de talleres de contacontos de alumnos	Titorías	Biblioteca escolar Material de elaboración	Ao longo do ano

de Educación Primaria dirixidos aos alumnos de E.Infantil		propia. Programacións didácticas	
Solicitude de colaboración cos Equipos de Orientación Específicos	Departamento de orientación	Reunións pertinentes. Plan Xeral de Atención á Diversidade.	Ao longo do ano
Liñas de colaboración cos Servizos Sanitarios	Departamento de orientación	Campañas/Coordinación	Ao longo do ano
Plan de Comunicación do centro.	Equipo Directivo.	Plataformas corporativas e non corporativas .	Ao longo de todo o curso.
Colaboración cos Servizos de Xustiza. Casos de tutela, absentismo,...	Departamento de orientación/Equipo Directivo/titoras/es.	Reunións pertinentes	Ao longo do ano
Celebración das commemoracións	Equipo de actividades complementarias e extraescolares	Comunicados informativos ás familias. Programacións didácticas. Traballo nas aulas con distinto material didáctico.	Ao longo do ano
Actividades de interese para unha mellora da convivencia	Claustro	PXA Programacións didácticas	Ao longo do ano

3.1.1 Estratexias encamiñadas a lograr un bo clima de aula e actuacións:

- **Estilo docente asertivo:** constancia e coherencia nas normas, trato afectivo, reforzo positivo, participación do alumnado na toma de decisións.
- **Adaptación do currículo ás necesidades e nivel de competencia curricular de cada alumno:** adaptación curricular, reforzo educativo, programas individuais...
- **Participación do alumnado na elaboración das normas de convivencia.**

- **Entrenamento en habilidades sociais.**
- **Plans de acollida:** acollida alumnado de 4º E.I e 1º E.P. xunto as familias.
- **Actuacións concretas consensuadas polo profesorado diante de conductas disruptivas:** contratos, tempo fora, castigos, premios.
- **Celebracións e participación do alumnado nas conmemoracións do centro.**
- Coordinación entre o centro, as familias e a comunidade educativa.
- **Dar a coñecer o Plan de Convivencia ás familias** ao comezo do curso.
- **Titoría entre iguais.**

3.1.2 Mediación e resolución pacífica de conflitos:

A mediación é unha estratexia de intervención imparcial para a resolución de conflitos na que unha terceira persoa axuda as partes implicadas a alcanzar un acordo satisfactorio para ambas as dúas (D.8/2015- Art. 26). A Xefatura do Departamento de Orientación será a encargada de formar ó alumnado voluntario de 6º de Educación Primaria nas técnicas de mediación precisas para desenvolver do mellor xeito posible a mediación entre o alumnado.

3.1.3 Aula de convivencia inclusiva:

A aula de convivencia non será estable, e terá vocación de substituír o tempo de expulsión, con apoios e formación específica, procurando reincorporar o alumnado á súa propia aula no menor tempo posible. Constituirase cando a situación o requira. A dirección do centro será o órgano competente para ditar a resolución pola que se acorda que o alumnado sexa atendido nesta aula, garantindo o trámite de audiencia aos pais, nais, titores ou titoras.

A aula de convivencia será atendida polo profesorado de garda do centro, dando preferencia ó profesorado que conte con formación específica en mediación de conflitos a proposta da Xefatura do Departamento de Orientación, xa que durante a atención nesta aula aproveitarase para desenvolver tarefas encamiñadas a reflexionar sobre a resolución pacífica de

conflictos, as habilidades emocionais, e as habilidades sociais. De igual xeito, poderense desenvolver na aula de convivencia aquelas tarefas que os mestres e mestras do grupo de referencia encomenden para garantir o axeitado progreso do alumnado que ten que asistir á aula de convivencia.

A aula de convivencia será, con carácter xeral, a destinada á radio escolar “Radio Carcamán”. Se o número de alumnado que debe acudir á aula, ou a programación das actividades complementarias que se imparten neste espazo así o desaconsellan, poderase utilizar outro espazo do centro, como os adicados a Pedagogía Terapéutica, biblioteca ou aula de informática.

3.2 PROTOCOLO DE ACTUACIÓN PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR E CIBERACOSO.

1. Realización de campañas de sensibilización contra o acoso escolar, dirixidas a toda a comunidade educativa, que axuden a previlo e a preparar para detectalo e reaccionar e intervir fronte a este.

- Sensibilización do alumnado: Análise das relacións do grupo aula e establecemento de dinámicas grupais que fomenten a relación entre iguais. No centro educativo, a aula é o microsistema máis próximo ás persoas implicadas neste fenómeno, sendo o espazo no que se manteñen e orixinan estas dinámicas violentas. Lee y Salmivalli (2014) destacaron que a estrutura presente na aula resulta ser un factor importante , xa que se observan máis casos de acoso escolar nas aulas que son altamente xerárquicas. Polo tanto, na sensibilización contra o acoso escolar no relativo ós grupos será preciso analizar o sociograma e fomentar dinámicas de cooperación e colaboración tendo en conta a análise dos resultados do sociograma.
- Participación no Plan Director con charlas específicas para o alumnado por persoal especializado en situacións de acoso e ciberacoso.

- Formación do profesorado a través do Plan de Formación do Profesorado no propio centro e das reunións dos diferentes órganos de coordinación docente.
- Formar ás familias no papel que desenvolven á hora de interpretar a aparición e a solución dos episodios de acoso escolar, a través de charlas e coloquios no ámbito da Escola de Nais.

2. Establecemento de canles específicas que faciliten ás vítimas a exteriorización das situacións de acoso escolar.

- A acción titorial será a canle prioritaria para que as posibles vítimas de acoso e ciberacoso poidan exteriorizar a situación que están a vivir, por ser os referentes do alumnado no centro educativo, e por coñecer o perfil das persoas implicadas na situación de acoso, e os rasgos persoais e conductuais que permiten o mantemento destes fenómenos, e polo tanto, o mellor xeito de previlos.
- A Xefatura do Departamento de Orientación, como a persoa encargada de orientar á comunidade educativa, será tamén unha vía a través da cal o alumnado poida exteriorizar unha posible situación de acoso escolar, por iniciativa do alumnado ou por solicitude do titor/a ante a sospeita dunha situación de acoso escolar.
- A través dos espectadores dunha posible situación de acoso escolar, utilizando calquera das canles anteriormente descritas, o que podería contribuír a disminuir a victimización procurando unha maior axuda entre o grupo de iguais.

3. Determinación das medidas que deben adoptarse en caso de detección dunha situación de acoso escolar para pórllle fin, sen prexuízo das correccións disciplinarias que correspondan.

Corresponde ó Equipo Directivo do centro establecer as medidas oportunas que deben adoptarse en cada caso en función das características da situación concreta que poida estar producíndose. Debemos ter en conta que o acoso escolar debe entenderse como un fenómeno complexo que segue unhas regras sociais propias (Martín-Babarro, Ruiz-Espinosa y Martínez-Arias 2014), onde os agresores buscan beneficios dentro do grupo de iguais, como por exemplo a mellora do seu estatus social (Juvonen y Graham 2014). Dentro de esta aproximación ó acoso escolar como fenómeno social, Maunder y Crafter (2018) destacan a súa natureza contextual, indicando que para entender as condutas de acoso entre escolares é necesario analizar as relacións que se establecen nun momento determinado entre os que participan da situación (acosadores e espectadores), e os diferentes contextos que rodean estes comportamentos.

É preciso tamén entender que as condutas de acoso escolar toman formas moi diferentes, podéndose tratar de formas físicas ou verbais de xeito directo ou indirecto (Juvonen y Graham 2014).

Igualmente é necesario ter en consideración os efectos que de estas situacións sobre o alumnado que pode estar implicado dalgún xeito, e o impacto emocional que conleva para as vítimas, así como as consecuencias na saúde.

Por todo o anterior, tendo en conta que cada caso deberá valorarse individualmente partindo da análise do contexto, as relacións sociais que se establecen e as consecuencias para a vítima, o centro deberá aplicar, con carácter xeral, e independentemente das medidas correctoras que se poidan establecer por tratarse dunha conduta gravemente perxudicial para a convivencia as seguintes medidas.

- Establecemento de medidas preventivas de protección á vítima: O Equipo directivo, conxuntamente co titor/a e os mestres e mestras do grupo establecerá as medidas oportunas que impidan ou inhiban a reiteración dos feitos que poden ser obxecto de acoso escolar . Ditas medidas poden

ser a separación física nas filas de entrada e saída, a separación durante a xornada lectiva e outras como o acompañamento á vítima. Ditas medidas manteranse mentras non se determina a existencia de acoso escolar e se adoptan as medidas correctoras oportunas, de ser o caso.

- Información ás familias do alumnado implicado das medidas preventivas adoptadas e compromiso de axuda ó cumprimento das mesmas.
- Axuda por parte da Xefatura do Departamento de Orientación do centro á posible vítima como unha persoa clave do proceso e resolución do posible caso de acoso escolar que acompañe o alumnado que pode estar sufrindo acoso e axude a mitigar as consecuencias psicolóxicas que poidan derivar do mesmo.
- Establecemento dun plan de traballo por parte do titor/a e a Xefatura do D.O. para todo o grupo, se se estima necesario, que faga fincapé nas habilidades sociais e emocionais e que poña en valor o papel dos espectadores nos casos de acoso escolar, como unha das claves que aseguran que non volva a suceder.

3.3 PROTOCOLO DE ABSENTISMO

Tal como establece o artigo 22 do decreto 229/2011, do 7 de decembro, absentismo é a ausencia ao centro escolar sen causa debidamente xustificada do alumnado en idade de escolarización obrigatoria. Para ser considerado absentismo, esta ausencia debe supor un mínimo do dez por cento (10 %) do horario lectivo mensual.

Considérase falta de asistencia a clase ou ausencia ao centro escolar a non presenza dun alumno ou dunha alumna nunha sesión completa de clase. As faltas de asistencia non debidamente xustificadas serán as que computen para a cualificación do posible absentismo.

Con carácter xeral, teñen a consideración de xustificables as seguintes faltas de asistencia a clase do alumnado:

- a) Citacións que impliquen un deber inescusable, sendo xustificable o tempo necesario.
- b) Morte ou enfermidade grave dun familiar de primeiro ou segundo grao.
- c) Tramitación de documentos oficiais, presentación a exames e probas oficiais ou similares, sendo xustificable o tempo necesario.
- d) Indisposicións, podendo ser xustificables ata un máximo de 3 días lectivos.
- e) Enfermidade, sendo xustificable o tempo de prescrición médica.

No caso de faltas de asistencia a clase do alumnado non contempladas no apartado anterior, quedará a criterio da dirección do centro educativo a consideración das excepciónais circunstancias que concorran para a súa xustificación ou non. En todo caso, deberá garantirse o dereito á escolarización da alumna ou do alumno.

3.3.1 Control da asistencia a clase e rexistro de ausencias.

O control da asistencia a clase do alumnado deberá realizarse diariamente por parte do titor/a, quen rexistrará as posibles ausencias na aplicación informática de xestión académica (XADE) que proporciona a Consellería.

A xustificación das faltas de asistencia a clase do alumnado realizarase ante o profesorado titor e por parte da nai, do pai ou das persoas titoras legais ou gardadoras do alumnado, acompañando, segundo proceda:

1. Xustificante médico, no caso de enfermidade propia ou grave dun familiar de primeiro ou segundo grao.
2. Documento acreditativo, no caso de deberes inescusables, presentación a exames ou morte de familiares de primeiro ou segundo graos.
3. Calquera outro documento acreditativo da circunstancia que xustifique a ausencia.

O centro deberá comunicar a través da plataforma “ABALAR Mobil para as familias” ás nais, aos pais ou ás persoas titoras legais ou gardadoras do alumnado todas as faltas de asistencia a clase de cada mes, dentro dos primeiros cinco días

naturais do mes seguinte e diferenciando as faltas xustificadas das non xustificadas. Do mesmo xeito, trimestralmente, o profesorado titor comunicará no boletín coas cualificacións das diferentes materias, as faltas do alumnado, diferenciando as faltas xustificadas e as faltas sen xustificar.

Cando as faltas de asistencia a clase do alumnado presenten dificultades para a súa xustificación ou cando se incremente de forma significativa o número de faltas sen xustificar, o profesorado titor convocará a nai, o pai ou as persoas titoras legais ou gardadoras da alumna ou do alumno a unha reunión, coa finalidade de analizar a situación que se está a producir e tratar de corrixila, evitando que se produza a apertura do expediente de absentismo.

Cando o profesorado titor verifique que unha alumna ou un alumno presenta un número de faltas de asistencia a clase sen xustificar superior ao dez por cento (10 %) do horario lectivo dun determinado mes proporá, co visto e prace da dirección do centro educativo, o inicio dun expediente de absentismo e comunicará a situación á xefatura de estudos. O inicio dese expediente deberá realizarse, como máximo, dentro dos sete días naturais seguintes á data na que as faltas de asistencia a clase sen xustificar superaron o dez por cento (10 %) do horario lectivo mensual.

Detectada unha situación de absentismo, o profesorado titor convocará a nai, o pai ou as persoas titoras legais ou gardadoras da alumna ou do alumno a unha entrevista para analizar e resolver esa situación, de ser o caso. Deses reunións levantará acta o profesorado titor. Se coa intervención do profesorado titor se reconduce a situación, paralizarase o proceso e arquivarase o expediente.

No caso de que non se producise o arquivo do expediente, a dirección do centro convocará a nai, o pai ou as persoas titoras legais ou gardadoras da alumna ou do alumno a unha entrevista para analizar a situación creada e tratar de buscar unha solución, e levantará acta desas reunións. De reconducirse a situación, paralizarase o proceso e arquivarase o expediente.

De non producirse o arquivo do expediente nalgunha das actuacións anteriores, a dirección do centro educativo notificará ao Servizo Territorial de Inspección

Educativa correspondente e ao Concello de residencia da alumna ou do alumno, xunto coa listaxe de faltas de asistencia a clase non xustificadas e o rexistro de cumprimento das actuacións e dos prazos nas que se desenvolveron. Esta notificación producirase no prazo dos trinta días naturais desde o inicio do expediente de absentismo.

Con independencia da realización das accións previstas neste protocolo, en calquera momento no que o profesorado do centro educativo aprecie indicios de desprotección nun alumno ou nunha alumna deberá poñelo, inmediatamente, en coñecemento do Concello de residencia do alumno ou da alumna, ou ben notificalo a través do Rexistro Unificado de Maltrato Infantil (RUMI).

3.4 ACTUACIÓNS FORMATIVAS PARA A COMUNIDADE EDUCATIVA.

1. Formación do profesorado:

A través do PFPP do centro poderase desenvolver actuacións formativas relacionadas coa mellora da convivencia nos aspectos que desenvolve este Plan de Convivencia, como a mellora das relacións entre iguais, a prevención do acoso escolar e do ciberacoso e a xestión coeducativa en igualdade dos espazos do centro. Neste senso, o centro está a desenvolver no curso 2019/2020 un PFPP vinculado á mellora dos espazos exteriores do centro para conquistar un patio máis inclusivo e coeducativo, agardando unha repercusión positiva na convivencia do centro. Cabe agardar que a formación na que participa a maior parte do profesorado do centro teña continuidade nos vindeiros anos e aporte solucións efectivas dende a organización e funcionamento do centro no ámbito da convivencia.

2. Escola de nais e pais. Creación das escolas de nais e pais para propor iniciativas tendentes a previr e resolver conflitos de convivencia, mellorar a convivencia e fomentar o respecto mutuo e a tolerancia no centro educativo. As referidas propostas serán elevadas ao consello escolar e serán recollidas na memoria anual da comisión de convivencia.

4. NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO

As normas sobre convivencia establecidas no Plan de Convivencia do CEIP Torre Illa oriéntanse aos seguintes **fins**, que informarán a súa interpretación e aplicación:

- a) A garantía dun ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de xeito óptimo os recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado no posto escolar.
- b) A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.
- c) A prevención e o tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces.
- d) O recoñecemento ao profesorado, en especial aos membros do equipo directivo, das facultades precisas para previr e corrixir as condutas contrarias á convivencia, así como da protección xurídica adecuada ás súas funcións.
- e) A corresponsabilidade das nais e pais ou das titoras ou titores no mantemento da convivencia no centro, como un dos principais deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.
- f) Promover a resolución pacífica dos conflitos e fomentar valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas, avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e a mellora da convivencia escolar.
- g) Avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar.
- h) A promoción da sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.

Partindo dos fins previamente definidos, establécense as seguintes **normas de convivencia**:

- Manter un clima de respecto entre todos os membros da comunidade educativa.
- Resolver os conflitos de forma pacífica, empregando o diálogo.
- Evitar actuacións discriminatorias e ter unha conduta solidaria cos compañeiros e compañeiras , según a súa singularidade biolóxica, social e cultural.
- Respetar a integridade, a liberdade de conciencia, e as conviccións relixiosas e morais da comunidade educativa.
- Conservar e facer un bo uso das instalacións do centro e dos materiais didácticos.
- Empregar un ton de voz axeitado a cada situación usando un vocabulario correcto e educado.
- Ter un comportamento correcto nas diferentes actividades que se realizan no centro.
- O alumnado non comerá nin beberá durante as horas de clase (agás no recreo ou nas excepcións que se autoricen).
- Durante as horas lectivas o alumnado non abandonará o centro sen o permiso do profesorado e cubrindo sempre o impreso na secretaría do centro da persoa autorizada que o recolla no centro.
- Durante o horario lectivo non se permite o acceso ó centro a persoas alleas ao centro, nin se permite subir ás aulas ás familias do alumnado sen autorización do persoal do centro.
- Están prohibidos os xogos que supoñan risco ou perigo para o alumnado (para sí mesmo ou para terceiras persoas), ou para as instalacións.
- Durante as actividades extraescolares da tarde só se pode acceder ó centro para asistir ás devanditas actividades ou á biblioteca do centro no horario e días marcados para o uso da mesma.
- Aparcar as bicicletas, patinetes e similares no espazo adicado a este fin.

- Seguir as explicacións e directrices marcadas polo profesorado.
- Manter unha actitude positiva ante os avisos, correccións e cumprimento das sancións.
- Coidar o aspecto físico en canto a hixiene persoal e vestimenta.
- Asistir ao centro e as clases con puntualidade e con todo o material necesario.
- Xustificar todas as ausencias e retrasos.
- Colocarse en filas para subir ás clases e para saír.
- A entrada ás aulas , polos corredores e a saída farase en silencio e de forma ordenada, conforme ó establecido nas NOFC, e coa finalidade de non molestar.
- Durante o período lectivo, está prohibida a utilización de teléfonos móbiles, reloxos con funcións de mensaxería, chamada ou que permitan tomar imaxes, audio e vídeo, videoxogos, reprodutores de música... No caso de utilizalos, o centro requisaraos e será á familia a quen se lle devolvan.
- Respetar o material escolar, o edificio, as instalacións e pertenzas tanto do centro coma dos membros da comunidade educativa.
- Empregar as papeleiras para manter o centro e patio limpos.
- O alumnado de comedor, transporte e actividades extraescolares respectará a normas de convivencia do centro e as establecidas nas Normas de Organización e Funcionamento do Centro.

Serán obxecto de corrección disciplinaria as condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas polo alumnado dentro do recinto escolar ou durante o desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares, así como durante a prestación dos servizos de comedor e transporte escolar.

Así mesmo, poderán corrixirse disciplinariamente as condutas do alumnado que, aínda que realizadas fóra do recinto escolar, estean motivadas ou directamente relacionadas coa vida escolar e afecten aos seus compañeiros ou compañeiras ou a outros membros da comunidade educativa e, en particular, as actuacións que constitúan acoso escolar consonte ó establecido no decreto 8/2015.

As posibles condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas mediante o uso de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan conexión coa actividade escolar considéranse incluídas no ámbito de aplicación deste Plan de Convivencia.

4.1 ESTABLECEMENTO DAS CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E DAS CORRECCIÓNS QUE CORRESPONDEN Ó SEU INCUMPRIMENTO.

O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non fora posible, a indemnizar o seu valor. As nais e pais ou as titoras ou titores serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente.

Cando se incorra en condutas tipificadas como agresión física ou moral, deberase reparar o dano moral causado mediante a presentación de escusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos e de acordo co que, de ser o caso, determine a resolución que impoña a corrección da conduta.

O réxime de responsabilidade e reparación de danos é compatible coas correccións disciplinarias que, de ser o caso, correspondan.

4.1.1 Conductas leves contrarias á convivencia, medidas correctoras, responsables e procedementos de corrección.

Considéranse condutas leves contrarias á convivencia:

- a) As agresións, inxurias ou ofensas, os actos de discriminación, os actos de indisciplina, os danos por negligencia ou intencionadamente, os actos inxustificados que alteren a normalidade do centro que non alcancen a gravidade requirida para ser considerada unha conducta gravemente prexudicial para a convivencia.
- b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro perigoso para a saúde ou a integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia.
- c) A inasistencia inxustificada a clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia.
- d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases.

As condutas leves contrarias á convivencia poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

- a) Amoestación privada ou por escrito.
- b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos.
- c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.
- d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.
- f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.
- g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá

realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

As medidas “a” e “b” poderán ser impostas por todo o profesorado do centro, a “c” e “d” poderán ser propostas por todo o profesorado e serán impostas polos tirores/as do alumnado. O resto das medidas serán impostas pola Xefatura de estudos ou a dirección do centro tendo en conta a gradación das medidas correctoras contempladas no presente Plan de Convivencia.

O procedemento de corrección das condutas levemente prexudiciais para a convivencia será o que determine o profesorado para os epígrafes “a, b, c, e d”. Para o resto dos epígrafes consistirá en:

- 1) Entrevista coa Xefatura de Estudos da que se levantará acta.
- 2) Determinación da medida correctora conforme á gradación das medidas.
- 3) Información ás familias e ó profesorado titor.
- 4) Imposición da medida.

As resolucións que impoñen estas medidas correctoras poñen fin á vía administrativa e son inmediatamente executivas.

4.1.2 Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, medidas correctoras, responsables e procedementos de corrección.

Considéranse condutas gravemente prexudiciais para a convivencia:

- a) As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
- b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

- c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
- d) A gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
- e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 do decreto 8/2015.
- f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
- g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
- h) Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
- i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas.
- j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou a negativa a entregar os obxectos cando se é requirido para iso polo profesorado.
- k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.
- l) O incumprimento das sancións impostas.

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no centro poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

- a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.

- b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
- c) Cambio de grupo.
- d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- f) Cambio de centro.

Corresponde acordar a incoación do procedemento á persoa titular da dirección do centro, por propia iniciativa, por petición motivada do profesorado ou da titora ou titor da alumna ou alumno ou da persoa que ocupe a xefatura de estudos , ou logo da denuncia doutros membros da comunidade educativa.

A incoación do procedemento notificarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno, con indicación da conduta que o motiva, as correccións que poden corresponder e o nome da profesora ou profesor que actuará como persoa instrutora. Así mesmo, comunicarase á inspección educativa.

No propio acordo de incoación ou en calquera momento da tramitación do procedemento, a dirección do centro pode adoptar motivadamente, por iniciativa propia ou por instancia do instrutor/a, como medidas provisionais o cambio temporal de grupo da alumna ou alumno ou a suspensión do dereito de asistencia ao centro ou a determinadas clases ou actividades, por un período non superior a cinco días lectivos. A adopción de medidas provisionais notificarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno, ou a este se é maior de idade.

Finalizada a instrución do procedemento, a persoa instrutora formulará proposta de resolución e dará audiencia á nai ou pai ou á titora ou titor, convocándoos a unha comparecencia en horario lectivo na que poderán acceder a todo o actuado e da cal se estenderá acta. No caso de incomparecencia inxustificada, o trámite de audiencia terase por realizado para todos os efectos legais.

Realizado o trámite de audiencia, a dirección do centro ditará resolución motivada que se pronunciará sobre a conduta da alumna ou alumno e impondrá, se é o caso, a correspondente corrección, así como a obriga de reparar os danos producidos.

A resolución notificarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno, nun prazo máximo de doce días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos que deron lugar á incoación do procedemento, e comunicarse á inspección educativa.

A resolución da dirección do centro pon fin á vía administrativa e será inmediatamente executiva. Contra a resolución da persoa titular da dirección do centro cabe instar a revisión ante o Consello Escolar no prazo de dez días lectivos nos termos previstos na alínea f) do artigo 127 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

4.2 DEREITO E DEBERES DA COMUNIDADE EDUCATIVA.

4.2.1 DEREITOS E DEBERES DAS NAIS E PAIS OU TITORES/AS LEGAIS.

- a) A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.
- b) A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros dos equipos directivos dos centros docentes.
- c) A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia nos centros docentes.
- d) A ser oídos, nos termos previstos por esta lei, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.
- e) A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a Administración educativa.

Así mesmo, como primeiros responsables da educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, teñen os seguintes **deberes**:

- a) Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e cos centros docentes.
- b) Coñecer as normas establecidas polos centros docentes, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.
- c) Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.
- d) Colaborar co centro na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos ou fillas.

4.2.2 DEREITOS E DEBERES DO ALUMNADO.

- a) A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
- b) A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.
- c) Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.
- d) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa.
- e) A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.

Son **deberes** básicos de convivencia do alumnado:

- a) Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.
- b) Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.
- c) Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
- d) Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.
- e) Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.
- f) Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia dos seus respectivos centros docentes.
- g) Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.
- h) Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.

4.2.3 DEREITOS E DEBERES DO PROFESORADO.

- a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- b) A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- c) A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.
- d) A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares.
- e) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.
- f) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado.
- g) A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflitividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.

Son **deberes** do profesorado:

- a) Respetar e facer respetar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- b) Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndooas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.
- c) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.

d) Informar ás nais e pais ou ás titoras ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles que lle impoña a normativa aplicable.

e) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sixilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

4.2.4 DEREITOS E DEBERES DO PERSOAL DE SERVIZOS.

a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.

b) A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.

c) A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.

d) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións.

e) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado polo centro.

Son **deberes** do persoal de administración e de servizos:

a) Respetar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.

b) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.

c) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sixilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

d) Gardar sixilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.

4.3 CRITERIOS PARA A ELECCIÓN DO INSTRUCTOR.

A dirección do centro nomeará á persoa instructora para a instrucción dos procedementos correctores nos casos de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia rexéndose polos seguintes criterios:

- Formación en convivencia e conducta.
- Funcións encomendadas en relación coa convivencia no centro.
- Papel que desenvolve na convivencia e na resolución de conflitos no centro.

4.4 GRADACIÓN DAS MEDIDAS CORRECTORAS.

Para a graduación das medidas correctoras previstas neste plan tomaranse en consideración especialmente os seguintes criterios:

- a) O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, se é o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos.
- b) A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.
- c) A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, das súas imaxes ou da ofensa.
- d) A natureza dos prexuízos causados.
- e) O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, se se trata dun alumno ou alumna, por razón da súa idade, de recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia.

As correccións que se apliquen polo incumprimento das normas de convivencia terán un **carácter educativo e recuperador**, garantirán o respecto dos dereitos do resto do alumnado e procurarán a mellora da convivencia no centro docente.

En todo caso, na corrección das condutas contrarias á convivencia aplicaranse os seguintes principios:

- a) Ningún alumno ou alumna poderá ser privado do exercicio do seu dereito á educación, nin do seu dereito á escolaridade. Para estes efectos, non se entenderá como privación do dereito á educación a imposición das correccións previstas neste plan que supoñen a suspensión da asistencia ás clases ou o cambio de centro.
- b) Non se poderán impoñer correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumnado.
- c) A imposición das correccións previstas nesta sección respectará a proporcionalidade coa conduta do alumnado e deberá contribuír á mellora do seu proceso educativo.
- d) Terase en conta a idade do alumnado e as demais circunstancias persoais, familiares e sociais. Para estes efectos, poderase solicitar os informes que se consideren necesarios sobre as mencionadas circunstancias e recomendar, de ser o caso, ás nais e pais ou ás titoras ou titores ou ás autoridades públicas competentes a adopción das medidas necesarias.
- e) Optarase preferentemente pola **vía conciliada** e o **compromiso de convivencia** á hora de resolver os procedementos correctores.

Como complemento das medidas correctoras, o departamento de orientación elaborará e desenvolverá un programa de habilidades sociais dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente. Así mesmo, elaborará e desenvolverá un programa de habilidades sociais para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras previstas nesta sección, se vexa temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro.

Estes programas aplicaranse en colaboración co profesorado titor e, de ser o caso, cos servizos sociais, e procurarán implicar o resto do profesorado e as familias para lograr, conxuntamente, o desenvolvemento adecuado do proceso educativo e das accións propostas.

4.5 POCEDEMENTO CONCILIADO

O procedemento conciliado pretende favorecer a implicación e o compromiso do alumno ou alumna corrixido/a e da súa familia, ofrecer a posibilidade de que a persoa agraviada se sinta valorada, axudar a consensuar as medidas correctoras e facilitar a inmediatez da corrección educativa.

O procedemento conciliado poderá aplicarse de se cumpriren os seguintes requisitos:

- a) Que a alumna ou o alumno responsable dalgunha das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia recoñeza a gravidade da súa conduta, estea disposta ou disposto a reparar o dano material ou moral causado e se comprometa a cumprir as medidas correctoras que correspondan.
- b) No caso de que haxa outros membros da comunidade educativa afectados pola súa conduta, que estes mostren a súa conformidade a acollerse ao dito procedemento.

O procedemento conciliado non procederá nos seguintes casos:

- a) Cando se aprecie que a conduta presenta unha especial e notoria gravidade.
- b) Cando as persoas proxenitoras ou representantes legais deste non comuniquen a súa disposición a acollerse ao procedemento conciliado.
- c) Cando as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e non comuniquen a súa disposición para acollerse ao procedemento conciliado.
- d) Cando xa se fixese uso deste procedemento de corrección durante o mesmo curso escolar, coa mesma alumna ou co mesmo alumno, para corrixir unha conduta semellante.

O procedemento conciliado require da instrución dun procedemento corrector conforme ó establecido neste Plan de Convivencia.

4.6 PRESCRICIÓN DE CONDUCTAS E CORRECCIÓN

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia prescriben aos catro meses da súa comisión e as condutas leves contrarias á convivencia, ao mes.

O prazo de prescrición comezará a contarse desde o día en que a conduta se leve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada, caso no que o prazo de prescrición non se empezará a computar mentres aquela non cese.

No caso das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado ou da interesada, do procedemento para a corrección da conduta, e continuarase o cómputo do prazo de prescrición para o caso de producirse a caducidade do procedemento.

5. FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA

A comisión de convivencia do centro constituirase no seo do consello escolar. Terá carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do consello escolar, para facilitar o cumprimento das competencias que este ten asignadas en materia de convivencia escolar e velará pola correcta aplicación do disposto neste plan de convivencia e nas normas de organización e funcionamento do centro.

A comisión de convivencia, na súa composición, integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes de todos os sectores da comunidade educativa. Estará composta pola dirección do centro como presidente do Consello Escolar, a Xefatura de Estudos, un mestre/a representante do profesorado, unha nai ou pai representante das familias e un pai ou nai representante da ANPA do centro. Será presidida pola dirección do centro, e unha das persoas integrantes actuará como secretaria ou secretario, quen levantará a acta das súas reunións. O nomeamento das persoas integrantes da comisión de convivencia corresponde ao director ou á directora por proposta dos colectivos representados. Os seus membros poden coincidir cos do consello escolar, pero non teñen que ser os mesmos necesariamente.

A comisión de convivencia exercerá por delegación do consello escolar as seguintes funcións:

- a) Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.
- b) Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- c) Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- d) Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- e) Propor á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
- f) Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- g) Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- h) Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.
- i) Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro.

6. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA

A acción titorial servirá de unión entre as familias e o centro, e entre o profesorado que desenvolve a súa labor docente cun mesmo grupo de alumnado. O titor, titora como “mediador de conflitos” debe intervir na solución educativa dos problemas de convivencia, antes de ter que aplicar una medida máis estrita ou acudir á Xefatura de Estudos ou á Dirección.

O equipo directivo asumirá o compromiso de estimular as actitudes que promovan a boa convivencia, favorecerá a convivencia no colexio e garantirá que o procedemento seguido para impoñer as correccións que correspondan se axustan á normativa vixente e documentos do centro. Así mesmo, convocará as reunións da Comisión de Convivencia e presidirá as mesmas, fomentando o diálogo e a convivencia entre todos os membros e sectores da comunidade educativa.

O Departamento de Orientación propondrá actividades que favorezan o clima de convivencia e pautas de desenvolvemento persoal adecuado, proporcionando recursos e apoios necesarios para realizar estas actividades. Establecerá a colaboración cos titores/as na prevención, detección e valoración de dificultades, desenvolvendo intervencións no Departamento de Orientación con alumnos afectados por problemas de convivencia, ben sexan detectados polo propio departamento como a petición do titor/a ou da xefatura de estudos. Planificará sesións, charlas e entrevistas, intentando manter coordinación coa familia do alumnado afectado de problemas de conduta ou en risco de estalo.

7. DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

As normas de convivencia do centro, logo da súa aprobación, serán de obrigado cumprimento para toda a comunidade educativa e estarán recollidas no plan de convivencia do centro. O equipo directivo do centro, o claustro e o consello escolar, a través da comisión de convivencia, velarán polo cumprimento das normas establecidas. Correspóndelle ao equipo directivo do centro levar a cabo as actuacións

necesarias para a difusión das normas de organización e funcionamento e das normas de convivencia entre a comunidade educativa.

8. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN. PROPOSTAS DE MELLORA

O seguimento deste Plan levarase a cabo en primeira instancia pola Comisión de Convivencia do centro, que analizará as actuacións realizadas así como valoración das mesmas e do clima de Convivencia no Centro en xeral e elaborará un informe sobre o estado da convivencia. Finalmente será o propio Consello Escolar quen avaliará o Plan de Convivencia a resolución dos conflitos producidos durante o curso, incluíndo dita valoración na Memoria Final de Curso, na que se indicará o nivel de consecución dos obxectivos previstos, as dificultades atopadas e as modificacións introducidas, así como as conclusións e as propostas de mellora a incorporar en cursos posteriores.

BIBLIOGRAFÍA

· MARCO LEGAL DA CONVIVENCIA ESCOLAR

- *DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.*
- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Lei Orgánica de Educación 2/2006 de 3 de maio.
- Lei de fomento da educación e da cultura de paz.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Portal educativo da Xunta de Galicia.(Educonvives)

· REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS SOBRE CONVIVENCIA

- SÁNCHEZ JIMÉNEZ, VIRGINIA. Prevención de la violencia interpersonal en la infancia y la adolescencia. Ediciones Pirámide, 2019.
- MONJAS CASARES, I. , Como promover la convivencia: programa de asertividad y habilidades sociales (PAHS), CEPE, Madrid, 2009.
- RODRÍGUEZ, N., Stop Bullying. Las mejores estrategias para prevenir y frenar el acoso escolar, RBA, Barcelona, 2006.
- MARTÍNEZ TEN, A. E GARCÍA MARÍN, C., Jugando en paz y sin violencia: propuestas para jugar en paz y sin violencia, Narcea, Madrid, 2005.
- COLEMAN, D. , Inteligencia Emocional, Kairós, Barcelona, 1996

- VALERO GARCÍA, J.M., La escuela que olvidó su oficio: como eliminar la violencia en la escuela, ICCE, Madrid, 2006.
- VILDA AGUAYO, A.M.; La resolución de conflictos a través de los cuentos, ICCE, Madrid, 2008.
- BOQUÉ, C., COROMINAS, Y., ESCOLL, M. Y ESPERT, M., Hagamos las paces. Mediación 3-6 años.
- HUEBNER, D., Estallo por cualquier cosa, Tea, Madrid, 2010.
- VALLÉS ARÁNDIGA, A., Programa de refuerzo de habilidades sociales I, EOS, Madrid, 2004.
- BOQUÉ TORREMORELL, M^a CARME. Guía de mediación escolar.Ed. Octaedro S.L. Barcelona. 2007.

ANEXOS

ANEXO I

PROGRAMA DE MEDIACIÓN ESCOLAR ENTRE IGUAIS.

A mediación é un recurso para xestionar a aparición dos conflitos no centro a través da que o alumnado aprende a explorar os conflitos e a resolvelos chegando a acordos de xeito pacífico. A mediación non substitúe ás medidas correctoras, actúa de maneira preventiva. A mediación non desculpa as condutas contrarias á convivencia, fomenta a reparación responsable.

Para que exista mediación:

1. As dúas partes deben querer resolver o conflito.
2. Deben estar de acordo en acudir a persoa mediadora.
3. Deben respectarse mutuamente.
4. Deben respectar os acordos alcanzados.

Os obxectivos fundamentais do mediador ou mediadora deben ser os seguintes:

- Favorecer e estimular a comunicación das partes en conflito.
- Promover que ámbalas dúas partes comprendan o conflito de xeito global e non soamente dende a súa perspectiva (empatía)
- Axudar a que ambas partes analicen as causas do conflito.
- Restablecer sempre que sexa posible, e canto antes, as feridas emocionais que poidan existir entre as partes en conflito.

A acción mediadora responde a un ritual estruturado que se desenvolve durante o patio, a través dos momentos seguintes:

1. As partes implicadas deben coñecer en que consiste a mediación, que estarán identificados no patio cun chaleco e un distintivo que os fará visibles.

O contacto inicial permite tamén ao mediador calibrar o alcance do conflito e valorar se resulta conveniente canalizalo por esa vía.

2. O mediador dá a benvida e preséntanse mutuamente e explica en que consiste o proceso. Informa que para o encontro funcione hai que aceptar unhas normas: cando se faga referencia a alguén se utilice o seu nome en non “este” ou “ela” , falar por quendas e escoitar sen interromper, expresarse sen faltar ao respecto e cooperar na busca de solucións.

Esta primeira intervención é a que permite aos protagonistas serenarse antes de avanzar no proceso.

3. Antes de aclarar os feitos, o mediador intenta coñecer o significado que teñen para cada participante, como os interpreta, como lle afectan. Non ten que mostrar aceptación nin incredulidade, tan so ofrecer a oportunidade de que as dúas partes se expresen. O mediador parafrasea, realiza preguntas abertas, reformula e sintetiza.

4. Trátase de reformular o conflito de xeito inclusivo, tendo en conta os puntos de vista e sentimentos dos protagonistas. O mediador está atento as manifestacións de recoñecemento e valoración dunha persoa a outra, que son elementos clave para a reconstrución dos vínculos de relación.

5. Os protagonistas do conflito inventan, sen analizar nin comprometerse, opcións e alternativas orixinais, cantas máis mellor. O mediador toma nota e escolle as ideas máis idóneas. O rol do mediador consiste en velar para que os posibles acordos sexan factibles, equitativos e supoñan un progreso respecto a situación inicial.

6. So queda reflexar os compromisos que cada persoa adquire voluntariamente e planificar a súa execución. Normalmente formalízase o acto de mediación mediante un apertón de mans, un abrazo ou algún pequeno ritual.

O voluntariado mediador estará formado polo alumnado de 6º de Educación Primaria preferiblemente. Antes de iniciar a labor mediadora recibirá a formación que precisa por parte da xefatura do Departamento de Orientación do centro.

ANEXO II

PLAN DE ACOLLIDA DO ALUMNADO DE NOVA INCORPORACIÓN Ó CENTRO

INTRODUCCIÓN

Entendemos o Plan de Acollida como un documento base para a recepción no noso Centro do novo alumnado novo, tendo en conta que se o alumno é inmigrante haberá que tomar medidas complementarias. Debemos evitar que a incorporación do alumnado novo convértase nunha rutina administrativa afastada da peculiaridade do propio alumno/a.

O Plan de Acollida debe supoñer a acción de recibir ao novo alumno/a, e isto implica unha elaboración pedagóxica de tipo comprensivo sobre o valor que ten o inicio da escolaridade no noso Centro tanto para o alumno/a que se incorpora como para o resto da comunidade educativa. É a posibilidade de ofrecer espazo para o desenvolvemento persoal, cultural e social do novo alumno/a, a través daquelas ferramentas que a escola facilita. Trátase, pois, de definir como obxectivo do Plan de Acollida a integración plural de todos os actores escolares no seu contexto sociocultural.

1.- ACOLLIDA E MATRICULACIÓN.

Cando chega ao Centro unha familia nova a solicitar praza para o seu fillo/para deben ser recibidos por un membro do Equipo Directivo se é posible, quen que lles informará dos documentos necesarios que han de traer para formalizar a matrícula.

Os aspectos básicos para informar as familias novas son os seguintes:

- Horario xeral do Centro.
- Horario da aula do alumno/a (especificar os días nos que ha de acudir con roupa cómoda para realizar a práctica nas clases de Educación Física).
- Horario específico durante o primeiro período de “adaptación”.

- Lugares de entrada e saída do alumnado.
- Visita ao Centro, as clases ou espazos onde o seu fillo vai traballar, recreo, biblioteca, baños...
- Material escolar necesario para o nivel no que vai ser adscrito (dar listaxe por escrito).
- Xustificación das faltas de asistencia.
- Normas xerais de convivencia da Escola.

3.- ADSCRICIÓN AO GRUPO CLASE.

En principio, ao alumno adscríbese ao nivel que corresponda por idade cronolóxica. En casos excepcionais que nos xerasen dúbidas e onde se observarán dificultades evidentes, procederíase a informar o equipo de orientación do Centro para decidir conxuntamente as medidas para tomar (xa fose realizar un estudo psicopedagóxico ou simplemente, observar durante os primeiros días a evolución do novo alumno/a). Acordaremos coa familia o seguinte:

- O día de inicio da escolaridade (para todo o alumnado).
- Para o alumnado que se incorpore a Educación Infantil, se é necesario e/ou posible unha escolarización total ou só de parte da xornada, para seguir un proceso de adaptación.

4.- ACOLLIDA DO ALUMNO/A EN O GRUPO CLASE.

Para unha correcta integración do novo alumno na aula designada levaranse a cabo as seguintes pautas de actuación:

- 1.- O titor/para explicará ao grupo clase a chegada dun novo compañeiro/a. Indicará o seu nome e lugar de procedencia. Pode ser interesante que isto sexa visualizado nalgún mapa.

2.- O día de incorporación do novo alumno/a, este será presentado polo titor ao grupo clase, parecendo conveniente que asista a esta primeira presentación o profesorado especialista e/ou de orientación que ha de traballar con esa clase, se é que puidese por horario.

3.- Poderá designarse a un ou dous alumnos/ as para que durante un período inicial “tutoricen” ao novo compañeiro/a. sentarán ao seu lado en clase, acompañásenlle ao recreo, e procurarán que, dalgunha maneira, o novo alumno/a sinta aceptado.

5.- Potenciaranse diante do grupo clase as habilidades persoais do novo alumno/a con o fin de mellorar a súa propia autoestima e consideración dos compañeiros/ as.

5. ORGANIZACIÓN E PLANIFICACIÓN DO CURRÍCULUM.

Farase unha avaliación inicial de coñecementos previos naqueles casos nos que non hai unha escolarización previa ou un traslado de expediente coa información precisa. Nese caso faríase preciso:

- Comprobar se estivo escolarizado e o tipo de escolarización que tivo
- Avaliar o seu nivel de competencia lingüística.
- Avaliar o seu nivel de competencia matemática e científica.
- Avaliar as súas habilidades manipulativas e de coordinación.

6. ACOLLIDA DO ALUMNADO Ó COMEZO DO CURSO.

Para o alumnado de 4º de Educación Infantil que comeza por primeira vez a súa escolaridade no centro:

- Xornada de portas abertas.
- Reunión previa ó comezo coas familias para explicar o funcionamento e a organización do centro.

- Período de adaptación respectando a legalidade vixente, tendo en conta as peculiaridades do curso.

Para o alumnado de 1º de Educación Primaria :

- Xornada de portas abertas no mes de setembro antes do comezo das clases.
- Reunión coas familias para explicar a organización e o funcionamento do centro, e coa titora ou titor para coñecer os aspectos máis importantes da programación.
- Delimitar o espacio do patio os primeiros días para permitir unha adaptación progresiva entre a etapa de infantil e primaria.

ANEXO III

PLAN DE COMUNICACIÓN DO CENTRO

No CEIP Torre Illa existe unha necesidade de comunicación permanente, co profesorado, co alumnado, coas familias, co persoal administrativo e coa contorna social da institución, é dicir con toda a Comunidade Educativa. Atopámonos inmersos nunha era tecnolóxica e non podemos obviar os beneficios e vantaxes que estas ferramentas ofrécennos , por todo iso é necesario elaborar un plan de comunicación, tanto interna como externa do noso centro educativo.

PLAN DE COMUNICACIÓN EXTERNA E INTERNA

Os obxectivos do Plan de Comunicación externa son os seguintes:

- Optimizar o fluxo da información do centro e organizar unha comunicación eficiente entre toda a Comunidade Educativa.
- Mellorar a imaxe do centro e reforzar a súa identidade.
- Conseguir un maior aproveitamento e optimización das redes sociais e as TIC'S.
- Formar aos docentes e ao resto da comunidade educativa sobre as posibilidades de comunicación mediante o uso das redes sociais.
- Manter e actualizar os diferentes perfís do centro nas principais redes sociais.
- Elaborar recursos e materiais educativos para que os alumnos poidan utilizalos en rede.
- Informar e compartir: actividades, logros, programas, proxectos, etc.
- Mellorar a transparencia da xestión educativa.
- Posicionar ao Centro na súa contorna social.

- Fortalecer a Comunidade, integrando a todos os sectores no seu desenvolvemento.

CONTIDOS

1. Páxina web do centro: publicarase información relativa aos propios centros (períodos de matrícula, horarios, persoal, actividades extraescolares e actividades complementarias, proxectos realizados, proxectos Europeos, visitas, etc.). Así mesmo terá un apartado de “Novas” no que poderase acceder ás entradas máis recentes dos blogs activos do centro ou enlaces á convocatorias ou recursos da consellería.
2. Blogs de Aula: Nos diferentes blogs de aula, os diferentes docentes e alumnado publicarán actividades realizadas dentro e fora da aula, vídeos tutoriais, documentais...
3. Correo electrónico e Google Calendar: A través destas canles informarase das reunións que se leven a cabo, claustros, consellos escolares, actividades, eventos da comunidade escolar...
4. Abalar móbil para as familias. Esta canle permitirá ás familias acceder ás cualificacións e ás faltas do alumnado, así como recibir mensaxes do centro.
5. Axenda escolar: Esta é unha vía de comunicación coas familias e de planificación do alumnado. Servirá para informar as tarefas, concertar titorías e dar avisos entre os membros da comunidade educativa.
6. Radio Carcamán e Carcamán TV: Esta canle favorecerá o coñecemento das actividades e traballos do alumnado por parte das familias e do resto da comunidade educativa.
7. Redes sociais: A través das aplicacións de mensaxería para o profesorado e de twitter para a comunidade educativa e institucional da xunta.
8. Taboleiro: Documento semanal elaborado pola Xefatura de Estudos coa información relevante desa semana para todo o profesorado do centro.

9. Intranet do centro: Con información relevante para o profesorado e recursos para desenvolver na aula de informática do centro co alumnado.

ACCIÓNS

As accións que levarán a cabo co fin de cumprir os obxectivos deste plan, serán as seguintes:

1. Presentación e aprobación do presente plan ao claustro de profesores, co fin da súa exposición, revisión e aceptación final.
2. Información ás familias sobre o noso plan de comunicación para que teñan coñecemento do mesmo.
4. Formación a aqueles docentes nas plataformas e redes sociais utilizadas.
5. Formación dun equipo que sirva de soporte ao coordinador, para a actualización da páxina web, subida de fotos, creación de carteis...
6. Creación de todas as canles de comunicación que se requiran.
7. Información e presentación ao Consello Escolar.
8. Seguimento periódico do Plan de Comunicación.
9. Avaliación e posibles cambios do mesmo. A través das memorias dos equipos docentes e de nivel valorarase a efectividade do plan e aportaranse propostas de mellora para adaptarse ás necesidades existentes e lograr unha comunicación efectiva entre toda a comunidade educativa.

ANEXO IV

RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS: GUIÓN DIDÁCTICO

1. Plantexamento do problema .

Que estaba pasando? Dime o teu punto de vista e ti dime o teu

2.Toma de perspectiva.

Como se estaba sentindo este neno ou esta nena ? Como te sentirías ti se.....?

3. Atribucións causais

Por que pode ser que se portase así ?

Que farías ti se te sentises así?

4. Conciencia de obxectivos persoais

En que estabas pensando ? Que querías conseguir ao portarte así ?

5. Autoavaliación anticipada

Cres que o conseguiches? Que consecuencia tivo ?

6. Pensamento reflexivo. Autocontrol

Que outra cousa podías facer para conseguir o obxectivo e respectar as normas ?

7.- Acordo:

PARTE DE INCIDENCIAS CEIP TORRE ILLA

Conductas leves prexudiciais para a convivencia do centro

Informe ao titor/a ou o mesmo titor/a ou titora en Xefatura de Estudos

D^o/D^a _____
poño en coñecemento

de D^o/D^a _____ titor/a do
curso _____ as

circunstancias que se describen a continuación:

Data: _____ Hora: _____ Lugar: _____

Nome do alumnado implicado

Breve descripción dos feitos

Medidas correctoras aplicadas (no caso de ter tomada algunha)

Data:

O/A Profesor/a

Conforme/enterado pai/nai/titor/a de ser o caso

Asdo.: _____ **Asdo.:** _____

CONTRATO DE CONDUCTA CEIP TORRE ILLA

NOME _____

Está disposto ou disposta a a respectar as normas de convivencia da clase a partir de hoxe.

Comprométese a :

Se o cumpre, o mestre ou mestra informará a súa familiae a xefatura de estudos.

Se non o cumpre

Asinado: Alumno/a Titor/a X. Estudo

CUESTIONARIO SOCIOMÉTRICO PARA NENOS E NENAS (6-10)

NOME.....APELIDOS.....

..

CENTRO.....CURSO.....CLASE.....

1. Quen son os tres nenos ou nenas da túa clase cos que máis che gusta xogar?

Por que che gusta xogar con eles ou con elas?

2. Quen son os tres nenos ou nenas da túa clase cos que menos che gusta xogar?

Por que non che gusta xogar con eles ou con elas?

3. ADIVIÑA quen é o neno ou a nena da túa clase:

3.1. que ten máis amigos e amigas

3.2. máis triste

3.3. a quen máis quere o profesorado

3.4. máis alegre

3.5. que máis axuda aos demais

3.6. que máis sabe

3.7. que menos amigos e amigas ten

3.8. que máis molesta aos demais

3.9. que menos sabe

3.10. a quen menos quere o profesorado

Plan de Convivencia

CUESTIONARIO SOCIOMÉTRICO PARA O ALUMNADO (11-13)

NOME.....APELIDOS.....

..

CENTRO.....CURSO.....CLASE.....

1. Quen son os tres rapaces ou rapazas da túa clase cos que máis che gusta traballar?

Por que che gusta traballar con eles ou con elas?

2. Quen son os tres rapaces ou rapazas da túa clase con quen menos che gusta

traballar?

Por que non che gusta traballar con eles ou con elas?

3. Quen son os tres rapaces ou rapazas da túa clase con quen máis che gusta estar

durante o tempo libre (saír, nos recreos...)?

Por que che gusta estar con eles ou con elas?

4. Quen son os tres rapaces ou rapazas da túa clase con quen menos che gusta estar

durante o tempo libre (saír, nos recreos...)?

Por que non che gusta estar con eles ou con elas? Plan.de.convivencia.do.centro

5. Quen é o rapaz ou a rapaza de a túa clase que destaca por:

5.1. ter moitos amigos/as.

5.2. non ter amigos/as

- 5.3. levarse ben co profesorado
- 5.4. levarse mal co profesorado
- 5.5. ser simpático cos compañeiros e compañeiras
- 5.6. ser antipático cos compañeiros e compañeiras
- 5.7. a súa capacidade para atender e escoitar aos demais
- 5.8. estar frecuentemente chamando a atención dos demais
- 5.9. a súa capacidade para resolver conflitos entre compañeiros/as
- 5.10. a súa agresividade
- 5.11. saber comunicarse
- 5.12. ter problemas para comunicarse